



PREGO OU DOCUMENTO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

Entidade de contratación:	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ría de Arousa CIF: G-70196597; Avda Rodrigo de Mendoza s/nº (FEXDEGA) 36600 Vilagarcía de Arousa gac.riadearousa@hotmail.es				
Denominación do expediente:	Servizo de elaboración dun Plan de Comunicación da EDLP e difusión dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP RÍA DE AROUSA				
Dirección postal para recepción de sobres	Avda Rodrigo de Mendoza s/nº (FEXDEGA) 36600 Vilagarcía de Arousa				
Publicidade	https://galp.xunta.gal				
Ref. Expediente:	GALP5-2024-004	Harmonizado:	Non	Lotes:	Non
Procedemento S/ Instrucción OIX:	II Necesidades Continuas ou Esporádicas con Determinados Valores.	Tipo contrato:	Servizos	Prórroga:	Si
Tipo tramitación:	Necesidade Continua	Criterios:	Prezo e criterios de avaliación automática	Plurianual:	Si
Orzamento base de licitación:	6500 € Anuais (IVE incluído)	Valor estimado:	5.371,90€ /Anuais	Prazo:	Dende sinatura do contrato (Marzo de 2024) por unha anualidade con prorrogas anuais ata fin de período 2029
Data entrega sobres pechados	Dende o día seguinte á publicación ata o 23 de febreiro incluído	Día apertura sobres	Publicitarase con 48 h de antelación en https://galp.xunta.gal	Posibles variantes contrato	Non proceden





1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. OBXECTO

Servizo de elaboración dun Plan de Comunicación da EDLP e difusión dos proxectos presentados ao abeiro da EDLP do GALP RÍA DE AROUSA.

1.2. TIPO DE CONTRATO

Contrato de Servizos segundo Prego de Prescricións Técnicas

2. REQUISITO DE SOLVENCIA DO CONTRATISTA

2.1. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.

Medio: Volume anual de negocios do licitador ou candidato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos.

Criterios de selección e requisitos mínimos: o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil, se fora o caso.

O volume anual de negocios deberá ser polo menos unha vez e media o valor medio anual do contrato: **9.750,00€**.

No caso de empresas no que período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da empresa, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

2.2. Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional.

A persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso do técnico encargado directamente do mesmo que deberá presentar a titulación académica acorde ao obxecto do servizo e contrato de traballo que vincule a persoa coa entidade licitante.

Acreditación: a través da presentación do título académico e contrato de traballo ou equivalente que vincule ao profesional coa entidade licitante.

Para a acreditación do requisito de solvencia bastará a presentación dunha declaración xurada por parte do representante da entidade o persoa autorizada, onde se faga constar o cumprimento dos requisitos. Isto deberá presentarse no Sobre A o Sobre 1. Dita documentación acreditativa será presentada unha vez adxudicada a licitación por parte da entidade seleccionada e antes da sinatura do contrato.





3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

*O orzamento base de licitación considerase por anualidade (12 meses). O computo total fará referencia a contía máxima da licitación, considerando que se corresponde á execución do servizo ata a data límite na anualidade 2029 .A primeira anualidade será de 12 meses dende a sinatura do contrato.

3.1. Orzamento base de licitación (Ive Excluído)

5.371,90 €

3.2. Ive

1.128,10€

3.3. Orzamento Base de licitación (Ive Incluído)

6.500,00 €

3.4. Valor Estimado (Ive Excluído): 26.859,50 € (Base licitación incluídas prórrogas, IVE excluído)

Posibilidade de Prórroga : O orzamento máximo de licitación anual será de 6.500,00 € . Poderán facerse prórrogas anuais, sendo a última prórroga posible ata fin de período.

O reparto por anualidades non poderá superar o orzamento base de licitación que corresponderase co que figura no apartado 3.5.

3.5. REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN						
ANUALIDADES	Marzo 24 – Marzo 25	Marzo 25 – Marzo 26	Marzo 26 – Marzo 27	Marzo 27 – Marzo 28	Marzo 28– Marzo 29	Total BASE DE LICITACIÓN
Orzamento (IVE excluído)	5.371,90 €	5.371,90 €	5.371,90 €	5.371,90 €	5.371,90 €	26859,5
IVE	1.128,10 €	1.128,10 €	1.128,10 €	1.128,10 €	1.128,10 €	5640,5
Orzamento (IVE incluído)	6.500 €	6.500 €	6.500 €	6.500 €	6.500 €	32500





3.6. Xustificación da determinación do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato.

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de contratos e os contratos anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto.

3.7. Revisión de Prezos.

Non procede revisión de prezos.

3.8. Financiamento

Esta contratación está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e Xunta de Galicia.

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

4.1. Criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non hai.

4.2. Criterios avaliados de forma automática

Criterio	Puntuación	Ponderación
Prezo (Máximo 80 puntos)	80	%
Experiencia en traballar para entidades que xestionan Fondos Europeos: IFOP, FEP, FEMP, FEMPA -Experiencia 5 puntos por ano hasta un máximo de 20 puntos	20	%

4.3. Aplicación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non procede.

4.4. Aplicación dos criterios avaliados de forma automática

Criterio	Aplicación
Prezo	Prezo-oferta económica: O prezo deberá indicarse de forma anual e importe pola totalidade do prazo establecido como máximo:2029. Ditas contías virán expresadas con IVE e sen IVE segundo a táboa que se anexa no apartado 4.5
Experiencia en Comunicación con entidades que xestionan fondos Europeos relacionados coa pesca: IFOP, FEP, FEMP; FEMPA.	5 punto por ano hasta un máximo de 20 puntos/Acreditación por parte das entidades para as que realizaron o servizo

4.5. Táboa para presentar oferta



A oferta deberá de recollerse neste modelo de táboa podendo ir acompañada das observacións que o licitador considere oportunas

CRITERIOS	VALORES	IMPORTE	PUNTUACIÓN
	Anual sen IVA		
	Anual con IVA		
	Total período sen IVA		
	Total período con IVA		
Experiencia en fondos europeos (IFOP, FEP, FEMP, FEMPA) (Máximo 20 puntos)	Anos de experiencia		
TOTAL			

- **Oferta económica: 80 puntos** (puntuación máxima).

Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = XX \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

XX = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

4.6. Documentación relativa aos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor

Non procede

4.7. Aplicación dos criterios avaliáveis de forma automática

– Oferta recollida na táboa que figura no punto 4.5 das prescricións técnicas.

5. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se indiquen por razón do contrato.

En relación co imposto sobre o valor engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.



6. PROCEDIMIENTO CON FASES

Non hai.

7. PUBLICIDADE

O anuncio de licitación publicárase na páxina de Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro:
<https://galp.xunta.gal/> na sección correspondente ao GALP Ría de Arousa.

8. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Por correo certificado dirixido a, GALP Ría de Arousa, situadas na seguinte dirección C/Rodrigo de Mendoza S/N Recinto Feiral Fexdega 36600 Vilagarcía de Arousa sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección gac.riadearousa@hotmail.es , dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.
Prazo de presentación	Dende o día seguinte á publicación ata o 23 de febreiro incluído.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados, A y C ,segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar: <i>*O sobre B que contempla esa instrución non é de aplicación neste procedemento de contratación.</i> - SOBRE A: Declaración Responsable (*) da persoa ou entidade licitante compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas e anexo II debidamente cuberto. <i>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</i> - SOBRE C: Oferta e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliábles de xeito automático. A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.





	As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folia independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice do contido dos documentos que se presentan e da documentación anexa). No SOBRE A deberase indicar, en folia aparte, os datos da persoa ou entidade licitante: nome da persoa ou entidade, nome da persoa representante legal da entidade, persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación, dirección postal, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico na que a entidade de contratación realizará as notificacións derivadas da presente contratación.
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.

APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do sobre C ou 3
Lugar	Nas oficinas do GALP Ría de Arousa, situadas na seguinte dirección C/Rodrigo de Mendoza S/N Recinto Ferial Fexdega 36600 Vilagarcía de Arousa
Data e hora	Publicarase no perfil do contratante a data e a hora da apertura das ofertas, cun mínimo de 48 h de antelación.

9. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS.

En caso de empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- Mayor porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- Mayor porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n

Recinto Feiral FEXDEGA

36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Tfno. 986 510 953/ 628155386

gac.riadearousa@hotmail.es// galp.mar.riadearousa@xunta.gal

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

10. PAGAMENTO DO PREZO.

O pago poderá realizarse anualmente o de forma fraccionada, segundo disposición orzamentaria e necesidades de xustificación ante a Consellería do Mar, no caso de que a prorroga se realice por menos deste tempo a contía será a que lle corresponda de forma proporcional. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

En todo caso a forma de pago estará supeditada ao crédito dispoñible do GALP.

11. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non se establece.



Cofinanciado por
la Unión Europea

Páxina 8 de 14



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



PREGO O DOCUMENTO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

DESCRIPCIÓN DO CONTEXTO DO CONTRATO: NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER

O GALP Ría de Arousa é consciente da importancia que ten na dinamización do grupo, o traballo coas novas tecnoloxías de carácter social. Dada a elevada repercusión que se pretende conseguir, considérase importante externalizar este traballo e poñelo en mans de profesionais que o xestionen de forma axeitada.

As temáticas da difusión en web e redes sociais serán determinadas segundo as necesidades do GALP, preferente promocionando os proxectos executados na anualidade anterior e as actividades de dinamización do GALP nesta anualidade.

Por outro lado, deberase realizar unha cobertura nas RRSS coas publicacións determinadas polo GALP cara a súa dinamización.

Con esta contratación garántese o cumprimento da normativa e a necesidade continua en materia de difusión dos proxectos que se presenten en cada convocatoria neste GALP Ría de Arousa, entidade sen ánimo de lucro, colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027), segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026. Estes medios dos que o GALP Ría de Arousa non dispón e que, por razóns de eficiencia e eficacia administrativa, é necesario contratar externamente.

O presente contrato non é obxecto de fraccionamento posto que abarca o servizo para todo o período 2023-2026 contemplado no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar, nin de división en lotes dado que o seu importe non condiciona o acceso a pequenas e medianas empresas.

Empregados e ingresos anuais:

Actualmente o GALP Ría de Arousa dispón da sede social e fiscal en Vilagarcía de Arousa e un único centro de traballo no mesmo enderezo, con 3 empregados igual ca durante os últimos 5 anos.

O orzamento máximo de gastos de xestión do GALP por anualidade, segundo convenio de colaboración coa Consellería do Mar, para a aplicación da EDLP sería o seguinte:





		2023	2024	2025	2026	Total
CUSTOS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO e AVALIACIÓN da EDLP e a súa animación	FUNCIONAMENTO	277.608,07	277.608,07	277.608,07	277.608,07	1.110.432,30
	ANIMACIÓN	47.713,89	47.713,89	47.713,89	47.713,89	190.855,56
	EDLP	1.245.166,71	1.328.500,04	1.328.500,04	1.328.500,04	3985500,12
	TOTAL CUSTOS DE XESTIÓN	1.570.488,67	1.653.822,00	1.653.822,00	1.653.822,00	66531954,678

CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS XERAIS DE PRESTACIÓN : SERVIZO DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE COMUNICACIÓN DA EDLP E DIFUSIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO ABEIRO DE EDLP DO GALP RÍA DE AROUSA.

O servizo estará centrado en dar a coñecer as actividades desenvoltas polo GALP tanto de animación como dos proxectos xestionados, así e como todos aqueles temas que poidan considerarse de interese para o seu posicionamento no territorio. Fomentarase así mesmo a participación e colaboración cidadá.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Informar sobre as actividades desenvoltas polo GALP tanto de animación como dos proxectos xestionados, así como todos aqueles temas que poidan considerarse de interese para o seu posicionamento no territorio.
- Fomentar a participación e a colaboración.

As actividades a realizar a través do presente contrato serán as seguintes:

1. Actividades en medios de comunicación

- Xerar noticias
- Atraer o interese dos medios de comunicación (Prensa, radio, televisión)
- Atender permanentemente aos medios de comunicación
- Redacción e envío de 12 notas de prensa ao longo do ano





2. Actividades en redes sociais

FACEBOOK

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Uso das Stories
- O número de publicacións durante o contrato será, dun mínimo, de 100

INSTAGRAM

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre o emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Uso das Stories e IGTV
- O número de publicacións durante o contrato será, dun mínimo, de 100

LINKEDIN

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector
- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Realizaranse un mínimo de 100 publicacións ao longo do contrato

TWITTER

- Publicar información de interese das entidades que conforman o GALP
- Chamadas á acción sobre emprendemento e as axudas do GALP
- Xerar contido propio
- Compartir información doutras páxinas relacionadas co sector





- Aumentar o número de seguidores e interaccións
- Realizaranse un mínimo de 460 publicacións ao longo do contrato (entre chíos e rechíos)

3. Entrevistas para redes sociais

- Edición e publicación nas redes sociais das entrevistas coas entidades/persoas beneficiarias das axudas xestionados polo GALP5 O obxectivo é dar difusión ás convocatorias de axudas

4. Imaxes de campaña

- Creación dunha imaxe de campaña .
- Creación de imaxes de xornadas de difusión do GALP5 (carteis, invitacións)
- Adaptación para redes sociais e pezas de comunicación.

5. Paxina Web

- Xestión da páxina web do GALP. Actualización de contidos sobre as actuacións levadas a cabo polo GALP Ría de Arousa, os proxectos aprobados e cobertura de fichas segundo modelo facilitado pola Consellería do Mar, novidades do sector do mar, convocatorias de axudas e outra información que o Grupo considere de interese.

6. Documentación

- Realización dunha memoria do traballo realizado a entregar ante o GALP co correspondente pago posterior. (O Pago poderá realizarse anualmente o de forma fraccionada, segundo disposición orzamentaria e necesidades de xustificación ante a Consellería do Mar).
- Realización das aclaracións oportunas solicitadas polo GALP ou pola Consellería do Mar.

A entrega de toda a documentación farase en **copia dixital**; en formato editable (Word, ou o que corresponda, sempre que sexa posible) e en formato PDF





• PRAZO DE EXECUCIÓN/ENTREGA

Prazo de execución	Dende sinatura do contrato (Marzo de 2024) por unha anualidade con prorrogas anuais ata fin de período -2029
Condicións	As entregas veñen recollidas na información das actuacións a desenvolver e estarán condicionadas polo que dispoña a normativa vixente e as Instrucións da Consellaría do Mar.
Prórroga	Si. O contrato poderá prorrogarse ata a fin de período. A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista ata o prazo máximo establecido se non recibe un preaviso cunha antelación mínima de 1 mes.
Causas de resolución do contrato	Pódense atopar entre as posibles causas de resolución de contrato cando unha das partes incumpra o estipulado, cando se produzan eventos non planificados (como morte do contratista, quebra da empresa ou algunha catástrofe natural), ou cando se presentan demoras nos prazos .Neste caso o segundo apercibimento poderá producir a resolución do contrato unilateralmente por parte do GALP.

RESPONSABLE DO CONTRATO.

Persoa titular da presidencia do GALP Ría de Arousa.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa



C/ Rodrigo de Mendoza, s/n

Recinto Feiral FEXDEGA

36.600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Tfno. 986 510 953/ 628155386

gac.riadearousa@hotmail.es // galp.mar.riadearousa@xunta.gal

INFORMACIÓN DE CONTACTO.

GALP Ría de Arousa.

Xerencia: Rosa Carballo Martínez

Teléfonos: 986 51 09 53 – 628 155 386

Enderezo Electrónico: gac.riadearousa@hotmail.es

**Enderezo postal: Rodrigo de Mendoza, s/n FEXDEGA. 36.600
Vilagarcía de Arousa – Pontevedra.**

**Estes Pregos son aprobados pola Comisión Unipersoal, designada
na Xunta Directiva celebrada o 6 de Xullo de 2023.**

**A Xunta Directiva celebrada 6 de xullo de 2023 aprobou a
contratación de:**

**Servizo de elaboración dun Plan de Comunicación da
EDLP e difusión dos proxectos presentados ao abeiro da
EDLP do GALP RÍA DE AROUSA**

Asinado: Enrique Manuel Maceiras Fernández



Cofinanciado por
la Unión Europea

Páxina 14 de 14



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR